

BARROCO

OBRA: SAN CARLOS DAS CATRO FONTES

AUTOR: FRANCESCO BORROMINI


ESTILO: Barroco

CRONOLOXÍA: Igrexa e claustro, 1638-1641; Fachada, 1665-1667

TIPOLOXÍA: Igrexa e mosteiro

LOCALIZACIÓN: Roma

MATERIAIS: Ladrillo e estuco



Francesco Borromini (1599-1667), a diferenza dos seus contemporáneos máis fieis á tradición renacentista, foi un arquitecto que descartou a concepción antropomórfica da arquitectura, tal como se viñera facendo desde Brunelleschi. A obra de Borromini foi considerada, xa en vida do artista, como extravagante e fantástica. Nunha primeira etapa foi colaborador de Bernini, aínda que co tempo chegaron a un aberto enfrontamento

DESCRINCIÓN FORMAL

EXTERIOR. Borromini dividiu a fachada en dous pisos e para dar un carácter unitario ao conxunto, combinando en ámbolos dous columnas pequenas e outras de orde xigante. O resto dos elementos que conforman a fachada parecen empeñados en rachar esa unidade potenciando ritmos ondulantes e ascendentes que confiren un inusitado dinamismo ao conxunto. Se o entaboamento inferior é forte, horizontal e ininterrumpido, o superior está segmentado, debido a un medallón que lle dá coa súa forma

un impulso ascendente ao corpo superior. Tamén as columnas xigantes, tan altas e próximas entre elas, potencian ese impulso vertical.

O movemento ondulante atopa a súa máxima manifestación nos entrantes e saíntes cóncavos e convexos que conforman os tres sectores verticais da fachada. A desbordada fantasía chega ata o máis pequeno detalle, como por exemplo as columnas que, inspiradas na orde corintia, inclinan as súas volutas ata fóra no canto de ata adentro.

INTERIOR. A planta é exemplo do barroquismo, pois parte dunha elipse, con segmentos cóncavos e outros convexos que crean un contorno sinuoso e movemento. Os muros son moi dinámicos. Están divididos en tramos polas grandes columnas con capiteis de orde composta. Entre os tramos: nichos, altares e tamén portas que dan ao mosteiro.

O entaboamento formado por curva e contracurva rodea a pequena igrexa, sobre el catro bóvedas de cuarto de esfera con casetóns e entre elas as catro pechinas decoradas con paneis ovalados, dos que parte a cúpula oval con decoración de hexágonos e cruces que diminúen cara á lanterna creando efecto de perspectiva. A lanterna está iluminada con xanelas e na súa bovedíña o símbolo da Santísima Trindade. Elementos decorativos: capiteis, volutas investidas, nichos con veneras, querubines, guirnaldas e cruces. O resultado é un espazo curvilíneo e movido, cun sentido direccional cara ao alto, con efectos de claroscuro no muro debido aos entrantes e saíntes.

COMENTARIO

Borromini móstrase nesta obra como un auténtico mestre do Barroco, levando os desexos de inestabilidade e movemento a límites ata ese momento nunca acadados. Partindo de elementos clásicos, os modula de tal maneira que parece que a pedra se converte baixo a súa man nun material dúctil e maleable. Foi o máximo representante da opción anticlásica dentro do Barroco romano, oposta ao clasicismo de Bernini, do que foi coetáneo e rival. A súa arquitectura foi moi imaxinativa e expresiva, e tivo que traballar para sacar gran partido de materiais construtivos e decorativos pobres, pois os seus proxectos, en xeral, foron realizados para ordes relixiosas con poucos recursos; neste caso, realízase para a orde dos trinitarios.

Borromini sabe adaptarse nesta obra a dúas condicións que dificultaban a mesma. Por unha banda a estreita rúa en esquina onde tiña que construír o templo, de pequenas dimensións e, doutra banda, a pobreza dos materiais empregados, dado os poucos recursos dos que dispoñía a Orde Trinitaria, a quen pertencía a igrexa. Ambos os retos resólveos Borromini de maneira maxistral pois, a pesar da pobreza de materiais e as reducidas dimensións do edificio concíbese cunha monumentalidade impresionante e, ao construír a esquina nun chaflán, é dicir, corta a esquina cun plano en oblicuo, consegue acentuar a perspectiva do edificio e a súa visión, acentuando a sensación de verticalidade da fachada. Esta é concibida como unha fachada pantalla, pois a súa distribución en tres naves non se corresponde coa planta elíptica do templo.

Ademais, Borromini adáptase perfectamente ao espírito da Contrarreforma da que San Carlos Borromeo, o santo titular da igrexa, foi un dos maiores representantes. Así, con esta obra, Borromini afástase da orde, a medida e a corrección, para primar a expresividade dos elementos construtivos a través do movemento e o xogo de luces e sombras (claroscuro). A arte barroca pretende emocionar e chegar a quen mira a través dos sentidos e o emocional, en lugar do racional, como ocorrera coa arte renacentista anterior.

Esta obra é unha das máis representativas do espírito barroco que alcanza aquí a súa máxima expresión de movemento e teatralidade, do que Borromini é o maior representante. O seu espírito anticlásico converteralle no rival artístico de Bernini. Considerada a súa arte recargada e excesiva, foi desprestixiada con posterioridade, tras o triunfo do Neoclasicismo, para ser de novo recuperado o seu valor en datas posteriores, sendo visible a súa influencia en autores como Gaudí na Casa Milá, entre outras obras.